

D/Dª .....

DNI ..... como pai, nai, titor/a da persoa solicitante a participar no "Campamento deportivo de verán 2019".

1º.-Autorizo a asistencia do meu/miña fillo/a ao "Campamento deportivo de verán 2019".

2º.-Declaro que non padece ningunha enfermidade que lle impida participar nesta campaña.

- SI  
 NON

3º.-Autorizo a realizar a reportaxe fotográfica ao meu/miña fillo/a e para que se publique na web de Deportes da Deputación da Coruña.

- SI  
 NON

4º.-Logo de ler a información en materia de protección de datos que figura a continuación no presente formulario, consinto expresamente o tratamento dos datos persoais que constan nel.

- SI  
 NON

En ....., a ..... de ..... de 2019

Sinatura,

Os datos subministrados nesta ficha teñen a **finalidade** de poder prestar o servizo de "Campamento deportivo de verán 2019" na que vostede participa e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O **responsable** do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o **encargado** será a empresa contratada pola Deputación Provincial para a realización do "Campamento deportivo de verán 2019".

A **lexitimación** para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa sinatura. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non se poderá ter acceso ao servizo solicitado por imposibilidade de tramitación da solicitude.

O **destinatario** dos datos é a Deputación Provincial, que non cederá datos a terceiros salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización do "Campamento deportivo de verán 2019".

Ten vostede os **dereitos** a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse nas oficinas centrais da Deputación, sitas na Avda. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña.

Pode consultar a **política de privacidade** da Deputación no enderezo:  
[//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade)

QUENDAS	CONCELLOS
<b>1ª QUENDA</b> (do 30 de xuño ao 5 de xullo)	Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Cerceda, Corcubión, Coristanco, A Coruña, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Outes, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo e Zas.
<b>2ª QUENDA</b> (do 7 ao 12 de xullo)	Abegondo, Ares, Betanzos, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Irixoa, Mañón, Miño, Moeche, Mugar dos, Narón, Neda, Ortigueira, Paderne, Pontedeume, As Pontes, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño e Vilarmaior.
<b>3ª QUENDA</b> (do 14 ao 19 de xullo)	Aranga, Arteixo, Arzúa, Bergondo, Boimorto, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Frades, Melide, Mesía, O Pino, Oleiros, Ordes, Oroso, Oza-Cesuras, Sada, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar.
<b>4ª QUENDA</b> (do 21 ao 26 de xullo)	Ames, A Baña, Boiro, Boqueixón, Brión, Dodro, Lousame, Negreira, Noia, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Santiago, Teo, Tordoia, Trazo, Val do Dubra e Vedra

# Campamentos deportivos DE VERÁN 2019

**CENTRO CALVO SOTELO**  
(rúa Archer Milton Huntington, 24 - A Coruña)

**30 de xuño - 26 de xullo**  
**en 4 quendas de 5 días**

## INFORMACIÓN:

Gabinete de Deportes da Deputación da Coruña

Tel.: 981 08 06 44

[campamentos.deportivos@dacoruna.gal](mailto:campamentos.deportivos@dacoruna.gal)

[www.dacoruna.gal/deportes](http://www.dacoruna.gal/deportes)



Deputación DA CORUÑA



Deputación DA CORUÑA

## INFORMACIÓN XERAL

**PARTICIPANTES:** Rapaces/zas de 9 a 14 anos de idade cumpridos durante o ano 2019, empadroados nun concello da provincia da Coruña.

**LUGAR:** Centro Calvo Sotelo. Rúa Archer Milton Huntington, 24. (Concello da Coruña).

**INCLÚE:** transporte interno, estadia e manutención en residencia, e todo gasto que ocasionen as actividades programadas.

### QUENDAS:

**1ª QUENDA:** do 30 de xuño ao 5 de xullo.

**2ª QUENDA:** do 7 ao 12 de xullo.

**3ª QUENDA:** do 14 ao 19 de xullo.

**4ª QUENDA:** do 21 ao 26 de xullo.

**ENTRADA:** domingo pola tarde, entre as 18.00 horas e as 19.00 horas, no Centro Calvo Sotelo.

**SAÍDA:** venres seguinte, tralo almorzo.

**INSCRICIÓNS:** No concello no que o/a rapaz/za estea empadroad/a.

**Prazo límite:** antes do 31 de maio de 2019.

**Cota de inscrición:** 85,00 € (oitenta e cinco euros). Ingresarase, unha vez o/a rapaz/a obteña praza, na conta que será publicada na páxina web da Deputación da Coruña.

No ingreso da cota terá que constar: "CAMPAMENTO DEPORTIVO DE VERÁN 2019", nome e apelidos do/a rapaz/a e concello ó que pertence.

**Prioridade:** Terá preferencia o/a rapaz/a que non participase no campamento deportivo da Deputación en edicións anteriores. (Realizarase o sorteo, no caso de ser preciso, nos dous días seguintes á finalización do prazo de inscrición).

Remitirse a listaxe por parte dos concellos á Deputación vía correo electrónico a [campamentos.deportivos@dacoruna.gal](mailto:campamentos.deportivos@dacoruna.gal), e tamén por Rexistro Xeral.

### DOCUMENTACIÓN QUE SE ENTREGARÁ:

Para formalizar a inscrición debes entregar no teu concello:

- 1.–Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada polo pai/nai ou titor/a da persoa solicitante.
- 2.–Unha foto tipo carné.
- 3.–Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- 4.–Fotocopia do libro de familia ou carné de identidade.
- 5.–Copia de aboamento da cota de inscrición. (Posterior á confirmación da praza por parte do concello).
- 6.–No suposto de que a/o nena/o necesitara ter un tratamento específico ou doenza que se deba ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. **IMPORTANTE** facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo.

## ACTIVIDADES

**AMPLIO PROGRAMA DE ACTIVIDADES:** actividades náuticas, equitación, tenis, senderismo, así como a práctica do fútbol, tenis, voleipraia, voleibol, baloncesto, aeróbic, baile...

**VELADAS NOCTURNAS:** realizaranse actividades e xogos que teñan elementos que fomenten a comunicación, o intercambio de experiencias, a convivencia e o respecto polos demais.

**ACTIVIDADES CULTURAIS:** visita a centros de interese cultural na comarca e na cidade da Coruña.

## EQUIPO RECOMENDADO

Roupa de rúa (pantalóns, camisas).

- Equipamento deportivo (suadoiro, pantalóns curtos, camisetas deportivas, calcetins, zapatillas de deportes, chanclas para a ducha, traxe de baño, útiles de praia e piscina).
- Toallas de aseo.
- Útiles de aseo (xabón, peite, cepillo e pasta de dentes, colonia e/ou desodorizante).
- Saco de durmir e lanterna.
- Gafas para o sol.
- Crema protectora para o sol, factor alto.
- Chuvasqueiro.
- Mochila pequena.

## MATERIAL

O material propio das actividades deportivas (raquetas de tenis, balóns e chalecos salvavidas) será proporcionado pola organización a cada participante durante a celebración do campamento.

## FICHA DE INSCRICIÓN

Concello de:

.....

Quenda 1.<sup>a</sup>  Quenda 2.<sup>a</sup>

Quenda 3.<sup>a</sup>  Quenda 4.<sup>a</sup>

FOTO

### Datos da persoa solicitante:

Apelidos .....

Nome .....

Data de nacemento .....

Enderezo .....

Localidade .....

Concello ..... CP .....

DNI .....

Centro de estudos .....

Localidade .....

### Datos médicos:

Vacinas subministradas .....

.....

Alerxias, se é positivo detalle cales .....

.....

Outras observacións de interese .....

.....

.....

No caso de urxencia avise a .....

.....

DNI ..... Tel. ....